

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

UNIVERSIDADE DE VIGO

RESOLUCIÓN do 7 de decembro de 2016 pola que se publica a oferta de emprego público do persoal de administración e servizos para o ano 2016.

Conforme o disposto no artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley del Estatuto básico del empleado público, no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e nos artigos 20 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, e 13 e 36 da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, así como consonte o disposto nos estatutos da Universidade de Vigo e no Acordo do Consello de Goberno do 24 de novembro de 2016, polo que se aprobou a oferta de emprego público do persoal de administración e servizos para o ano 2016, logo da negociación cos órganos de representación do persoal de administración e servizos

RESOLVO:

Primeiro. Publicar a oferta de emprego público do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo para o ano 2016.

Segundo. Esta oferta de emprego público inclúe as necesidades de recursos humanos de carácter permanente no ámbito de administración e servizos con asignación orzamentaria, que non poden ser cubertas con efectivos de persoal existentes, segundo se detalla no anexo, dentro do contexto global de restrición orzamentaria que afecta as administracións públicas.

Terceiro. A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Xunta de Galicia autorizou esta oferta de emprego público e emitiu informe favorable o 14 de novembro de 2016.

Cuarto. As convocatorias dos procesos selectivos publicaranse no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*, para garantir a publicidade exixida no artigo 75.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e executaranse dentro do prazo máximo previsto no artigo 70 do Estatuto básico do empregado público.

Vigo, 7 de decembro de 2016

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da Universidade de Vigo



ANEXO
**Oferta de emprego público do persoal de administración e servizos
da Universidade de Vigo para o ano 2016**

Grupo/ subgrupo	Categoría/escala	Nº de prazas	
		Promoción interna	Acceso libre
Persoal laboral			
I	Técnico superior de orientación e promoción do emprego e emprendemento	-	2
I	Técnico superior de teledocencia	-	1
I	Técnico superior de tecnoloxías da información e comunicacións	1	2
III	Técnico especialista de servizos xerais	4	-
Persoal funcionario			
A1	Letrados	-	1
A2	Xestión	8	-
C1	Administrativa	20	-

Polo número de prazas de acceso xeral libre que conforman esta oferta non procede a reserva para persoas con discapacidade prevista no artigo 48.2 da Lei 2/2015.

